

Medea

ARGUMENTO¹

Despois de ir Xasón a Corinto na compañía de Medea, comprométese en matrimonio con Glauce, a filla de Creonte, o rei de Corinto. A piques de ser expulsada de Corinto por Creonte, Medea suplica que a deixen quedar un día máis e conségueno. Para compensar este favor envíalle a Glauce, polos seus fillos, como agasallos, un veo e unha coroa de ouro. Despois de poñelos, aquela morre. Creonte morre tamén ao apertar a súa filla nos brazos. Medea, despois de matar os seus propios fillos, montada nun carro de serpes con ás que recibiu do Sol, foxe cara a Atenas e alí casa con Exeo, o fillo de Pandión. Ferécides e Simónides² din que Medea fixo máis novo a Xasón despois de facelo cocer. Sobre o seu pai Esón, o autor dos *Regresos* di o seguinte³: “Axiña volveu a Esón un bo mozo na flor da súa xuventude, quitándolle a vellez coa súa sabia intelixencia, cocendo moitos velenos en caldeiras de ouro.”

1 Non todas as edicións actuais de traxedias gregas inclúen os argumentos nos que os distintos editores da Antigüidade elaboraban un pequeno resumo da trama ou destacaban algúns datos sobre a representación ou os antecedentes literarios do mito tratado nesa obra. Porén, en moitas edicións da *Medea* de Eurípides aparecen dous argumentos: este, que se adoita situar en primeiro lugar (aínda que na tradución de J. A. López Férrez (1985) se asegura que sería posterior, do século I) e, a continuación, outro argumento do gramático Aristófanes de Bizancio.

2 Na relación de autores que trataron con anterioridade o mito poderíase estar incluíndo o mitógrafo Ferécides de Leros e o poeta lírico Simónides de Ceos.

3 Refírese ao poema épico tamén coñecido como *Nóstoi*, pertencente ao ciclo troiano, de autor descoñecido (aínda que chegou a ser atribuído a Homero) e non conservado.

Esquilo, en *As amas de Dioniso*, conta que fixo máis novas tamén as amas de Dioniso facéndoas cocer xunto aos seus esposos⁴. Estáfilo di que Medea fixo perecer a Xasón do seguinte xeito: ela mesma lle pediu que se deitase baixo a popa da *Argo*, que estaba a piques de desfacerse polo paso do tempo. Ao caer a popa sobre Xasón, esta acabou coa súa vida.

O drama podería ser tomado de Neofrón, despois de adaptalo⁵, como Dicarco...⁶ na súa *Vida de Grecia* e Aristóteles nas súas *Memorias*. Repróchanlle que non conservou fiel o carácter de Medea, senón que levou ao salouco, mentres tramaba o seu plan contra Xasón e a súa muller. Porén, gábase o comezo polo seu carácter patético, o seu desenvolvemento de “e nin nos vales...” e o que segue. Timáquidas non o comprendeu, e pensa que se trata dunha inversión da orde, como faría Homero: “despois de poñer roupaxes perfumadas e lavarse⁷”.

4 Neste primeiro argumento, ademais da sinopse da trama e outros datos, ofrécense outras informacións dificilmente contrastábeis, xa que non quedan nin sequera fragmentos da mencionada obra do primeiro dos grandes autores tráxicos, Esquilo, na que semella tratar outros episodios do ciclo mítico argonáutico.

5 Exponse aquí outra información problemática e que mesmo entra en contradición co que se asegurará no segundo argumento: que a *Medea* de Eurípides estaría parcialmente inspirada nunha anterior do traxediógrafo Neofrón (cuxa obra conservada se reduce a uns poucos fragmentos). Segundo afirma Page (2001), non é doado trazar o vínculo entre os textos de ambos os autores –pois da versión de Neofrón só quedan uns poucos versos–, mais é probábel que a obra deste fose posterior á de Eurípides, quen compuxo unha traxedia plenamente orixinal malia as súas probábeis influencias e ao que, en ningún caso, se lle atribuíu erradamente a autoría de *Medea* (como chegaron a suxerir autores coma Dióxenes Laercio).

6 Nesta pasaxe hai unha lagoa, mais para esta edición optouse por non facer conxecturas. Por outra banda, podería haber aquí unha referencia á obra de Dicarco de Mesina, autor peripatético dos séculos IV e III a.n.e.

7 Séguense expoñendo os antecedentes da obra citando outros autores coma Timáquidas e unha pasaxe concreta da *Odisea* de Homero, coa que se pecha este primeiro argumento.

ARGUMENTO DO GRAMÁTICO ARISTÓFANES⁸

Medea, sentindo odio contra Xasón por casar coa filla de Creonte, matou a Glauce, a Creonte e os seus propios fillos, separándose despois de Xasón e indo vivir con Exeo. O argumento non foi tratado por ningún outro autor.

A escena do drama ten lugar en Corinto. O coro está formado por mulleres da cidade. Recita o prólogo a ama de Medea.

A representación levouse a cabo no arcontado de Pitoro, no primeiro ano da Olimpíada oitenta e sete. Euforión quedou no primeiro posto, Sófocles no segundo e Eurípides no terceiro con *Medea*, *Filoctetes*, *Dictis* e o drama satírico *Os Colleiteiros*, que non se conservou.

PERSONAXES

Medea
 Xasón
 Ama
 Creonte
 Exeo
 Coro de mulleres
 Pedagogo
 Mensaxeiro
 Fillos de Medea e Xasón

⁸ Aristófanes de Bizancio (ca. 257 - ca.180 a.n.e.) foi un dos máis eminentes gramáticos do período helenístico e incluíu argumentos ao comezo de todas as traxedias que compilou e editou.

(A obra desenvólvese no exterior do palacio de Corinto.)

AMA: Oxalá nunca voase a nave *Argo* polas escuras Simplégades
 cara á terra da Cólquide, nin nunca nos vales de Pelión
 caese o piñeiro cortado, nin se puxesen remos nas mans 5
 dos máis afoutos homes que foron na procura do doura-
 do vélaro para Pelias. Entón a miña señora Medea nunca
 sairía ao mar cara ás torres da terra de Iolco co ánimo
 mancado polo amor de Xasón. Nin tampouco, despois
 de convencer as fillas de Pelias para que matasen o seu 10
 pai, habitaría a terra corintia canda o seu home e os cati-
 vos, compracendo os cidadáns do lugar ao que chegou
 como fuxida e colaborando en todo co propio Xasón⁹.
 Pois a maior seguridade nace de que unha muller nunca 15
 se amose en desacordo co esposo. Mais agora todo lle é
 hostil e sofre polo que máis quere, xa que Xasón, despois
 de traizoar os seus propios fillos e a miña señora, descansa
 nun leito rexio, ao casar coa filla de Creonte, que goberna
 esta terra. E Medea, a malpocada, ao verse aldraxada, rei- 20
 vindica a berros os xuramentos, invoca a destra, a maior
 garantía de fidelidade, e pon os deuses por testemuñas

9 A obra dá comezo cun prólogo a cargo da ama de Medea, unha escrava –Eurípides sitúa un personaxe de baixa extracción social á fronte da presentación do drama e non unha divindade, como era máis habitual– que refire todos os antecedentes do conflito trágico actual: Xasón, líder da expedición dos Argonautas, vai cos seus homes a bordo da nave *Argo* (feita coa madeira dos piñeiros do monte Pelión) cara á terra bárbara da Cólquide (ao sur do Cáucaso, onda o mar Negro) na busca do Vélaro de Ouro, unha prezada reliquia mitolóxica consistente na pelica dun carneiro á que se lle atribuían propiedades sobrenaturais. Ademais, para levar a cabo a empresa heroica, había que atravesar o perigoso paso das Simplégades (que, segundo o mito, se situaría no estreito do Bósforo), no que unhas escuras rochas errantes dificultaban o acceso á Cólquide. Nesta terra habitaba Medea, filla do rei Eetes, que axuda en todo momento a Xasón a dar cumprimento aos seus obxectivos para que poida regresar vitorioso á cidade tesalia de Iolco co vélaro e reclamar o seu dereito ao trono. De volta na patria de Xasón, Medea provoca cos seus feitizos que as fillas do rei Pelias (ao que Xasón lle disputa o trono), maten o seu pai, convencéndoa de que lle devolverán a xuventude ao vello rei se o despezan e o cocen. Por este motivo, Medea e Xasón son obrigados a exiliárense en Corinto.

da compensación que obtén por parte de Xasón. Ela 25
 queda deitada sen comer, entregando o seu corpo á dor
 e consumindo todo o seu tempo entre bágoas dende que
 soubo do trato tan inxusto que recibiu do seu home, sen
 erguer a vista nin tampouco apartar o rostro do chan. E
 igual ca unha pedra ou as ondas do mar escoita os amigos 30
 cando a aconsellan e, se algunha vez dirixe a alguén o seu
 branquísimo pescozo, láíase de si mesma polo seu queri-
 do pai, a súa terra e a súa casa, que traizoou por ir detrás
 dun home que agora a despreza. A malpocada soubo pola
 súa desventura o importante que é non afastarse da terra 35
 patria. Odia os seus fillos e non se aleda ao velos. Teño
 medo de que ela planee algo inesperado, pois é de ánimo
 violento e non aturará ningunha maldade. Eu coñézoa
 ben, e temo que se crave un afiado coitelo polo fígado, 40
 entrando á calada no cuarto no que se estende o seu leito,
 ou que mate o rei e a quen acaba de casar, e despois lle
 ocorra unha desgraza peor. Pois terríbel é ela: certamente,
 non lle será doado a quen teña o seu odio entoar o canto 45
 como glorioso vencedor. Mais xa acaban os cativos de
 rematar o exercicio das carreiras, que nada imaxinan dos
 males da súa nai, pois á mente nova non lle gusta sufrir.

(Entran na escena o pedagogo e os nenos.)

PEDAGOGO: Vella escrava da casa da miña señora¹⁰, por 50
 que permaneces en pé ante as portas, traendo tanta
 soidade, laiándote contigo mesma destas desgrazas?
 Como é que Medea quere ficar soa sen ti?

10 En realidade, no orixinal grego emprégase a expresión *παιδιὸν οἴκου κτήμα δεσποίνης ἐμῆς* (“antiga posesión da casa da miña señora”), coa que o pedagogo remarca a condición de escrava da ama ao salientar que é unha antiga propiedade da casa de Medea.

AMA: Ancián compañeiro dos fillos de Xasón, para os escravos fieis é unha desgraza que as cousas dos seus señores vaian mal, e isto apreixa o ánimo. Eu cheguei a tal grao de pesadume que se apoderou de min o desexo de vir aquí e contarlle á terra e ao ceo as desventuras da miña señora. 55

PEDAGOGO: E logo a coitada aínda non remata cos seus salaios?

AMA: Que envexa me dá a túa ignorancia. No comezo están as súas miserias, e aínda non chegaron á metade. 60

PEDAGOGO: Que insensata, se é que é axeitado falarlles así aos señores, pois nada sabe dos seus novos males!

AMA: E logo que foi, ancián? Non renunciés a falar.

PEDAGOGO: Nada. Xa me arrepiño do que acabo de dicir.

AMA: Non, pola túa barbela¹¹, non lle agoches nada á túa compañeira de escravitude. Se é preciso, gardarei silencio sobre todo isto. 65

PEDAGOGO: Oínlle dicir a alguén, facendo que non escoitaba, e despois de achegarme a uns xogadores de dados xusto alí onde os máis anciáns sentan arredor da sagrada auga de Pirene¹², que Creonte, soberano deste país, tiña a intención de expulsar os cativos xunto coa súa nai 70

11 Tocar a barbela era un xesto de súplica común entre anciáns e co que tamén se invocaba a protección da divindade.

12 Refírese á fonte de Pirene en Corinto, que o deus fluvial Asopo lle regalara ao rei Sísifo como agradecemento por advertilo sobre o rapto da súa filla, a ninfa Exina, por parte de Zeus.

da terra corintia. Porén, se este rumor é certo, non o sei. Desexaría que non o fose.

AMA: E Xasón vai consentir que os seus fillos sufran iso, 75
aínda que teña desavinzas coa súa nai?

PEDAGOGO: As antigas alianzas quedan atrás ante as novas,
e aquel xa non é amigo desta casa.

AMA: Estamos perdidos se engadimos un novo mal ao anti-
go, antes de acabar con este.

PEDAGOGO: Mais ti –pois agora non é o momento de que 80
o saiba a señora– mantente tranquila e garda silencio.

AMA: Ai, meus meniños, oístes como é convosco o voso
pai? Que non pereza, pois é o meu señor, mais non hai
dúbida de que é perverso cos seus.

PEDAGOGO: E quen non de entre os mortais? Xusto agora 85
acabas de descubrir isto, que todo o mundo se ama
máis a si mesmo que ao veciño –uns con motivo e
outros por tirar proveito– vendo que este pai non quere
os cativos por causa do seu leito?

AMA: Entrade na casa, nenos, que todo ha ir ben. E ti 90
mantén os cativos afastados todo o que poidas e non os
achegues á súa alporizada nai. Xa a vin ollalos salvaxe-
mente coma un touro, coma se estivese tramando algo.
E non parará na súa carraxe, ben o sei, ata que a desate
contra alguén. Polo menos, que faga algo contra os seus 95
inimigos e non contra os seus amigos.

(Medea fala dende o interior.)

MEDEA: Ai, malpocada son e desgraciada polas miñas penas. Coitada de min! Como podería morrer?

AMA: A isto me refería, meus queridos nenos: a vosa nai axita o seu corazón e axita a súa carraxe. Apurade a entrar na casa, e non vos acheguedes á súa vista nin vaiades onda ela, gardádevos do carácter violento e da natureza arrepiante do seu duro ánimo. Ide agora, veña, entrade axiña! (*Saen os nenos e o pedagogo.*) Está claro que este nubeiro de xemidos que comezou a formarse axiña arderá con máis furia. Que pode chegar a facer unha alma arrogante¹³, imposíbel de acougar e trabada por tantos males?

MEDEA: Ai, ai! Sufro, infeliz, sufro cousas dignas de grandes queixumes! Ai, fillos malditos dunha nai abominábel, oxalá morrésedes xunto co voso pai e así pereza toda a casa!

AMA: Ai, ai! Coitada de min! Que culpa che terán os cativos dos erros do pai? Por que os odias? Ai, meus meniños, como me angustia que vos poida pasar algo! Terríbel é a vontade dos reis e, como obedecen pouco e mandan moito, dificilmente cambian o seu xeito de obrar. Mais é mellor afacerse a vivir entre iguais. Eu, polo menos, agardo facerme vella non con grandeza, senón con seguridade. Primeiro, pronunciar o nome da moderación leva ao triunfo e, logo, valerse dela é o máis conveniente para os mortais. Os excesos non lles traen nada favorábel aos mortais, senón que dan a cambio unhas maiores desfeitas cando as divindades se anoxan cunha casa.

13 No orixinal grego emprégase o termo *μεγάλοσπλαγγνος*, cuxo significado literal sería “coas vísceras ou coas entrañas moi inflamadas”.

CORO: Oín a voz, oín o berro da malpocada da Cólquide.
Aínda non acougou. Mais fala, anciá, pois dende o
limiar oín un berro do interior do palacio. E non me 135
aledan as dores da casa, muller, xa que lle teño lei.

AMA: Non existe a casa. Xa isto rematou, xa que a el o 140
retén un leito real e a miña señora consome a vida no
seu cuarto, sen que as palabras de ningún dos seus seres
queridos acalenten o seu ánimo.

MEDEA: Ai, ai! Que a lapa celeste atravesese a miña cabeza! 145
Que proveito lle podo quitar a seguir vivindo? Ai, ai!
Oxalá poida poñer fin a todo coa morte, deixando atrás
unha vida horríbel!

CORO:

Estrofa 1ª

Oíches, Zeus, terra e luz, que ruído entoa a malpocada 150
esposa? Que devezo do terríbel leito¹⁴ te posúe, insen-
sata? A fin da morte axiña ha chegar, non rogues por
isto. Se o teu esposo honra un novo leito é cousa súa, 155
non te alporices. Zeus valerate nisto. Non te consumas
en exceso magoándote polo teu home.

MEDEA: Poderosa Temis¹⁵ e soberana Ártemis¹⁶, vedes o 160
que sufro, aínda amarrada con grandes xuramentos ao

14 Podería referirse ao leito final que agarda aos seres humanos no Hades unha vez chegada a morte, aínda que outras traducións suxiren que podería facer referencia ao leito nupcial que Medea compartía con Xasón e que xa non ten.

15 Divindade preolímpica, filla de Urano e Xea, protectora da xustiza e da igualdade.

16 Deusa olímpica da caza, dos animais salvaxes, da virxindade e das doncelas (entre outras atribucións), filla de Zeus e Leto.

meu execrábel esposo? Oxalá un día os vexa a el e a súa
noiva esnaquizados na súa morada, que tanto ousaron 165
danarme de antemán. Ai, meu pai! Ai, miña cidade da
que me afastei despois de matar abxectamente o meu
irmán¹⁷!

AMA: Oístes que cousas di e como invoca a suplicada Temis
e a Zeus, que é apreciado entre os mortais coma o gar- 170
dían dos xuramentos? Non é posíbel que a miña señora
alivie a súa carraxe con pouca cousa.

CORO:

Antístrofa 1ª

Como podería vir ante os nosos ollos e aceptar a voz das 175
nosas palabras, por se puidese ceibarse da carraxe que
desola o seu corazón e a vontade da súa mente? Que
nunca lles falte aos meus amigos a miña boa intención! 180
Mais entra na casa e tráea aquí. Fálalle da nosa amizade
e apura antes de que lles faga mal aos de dentro, pois a
súa dor axítase con máis violencia.

AMA: Fareino, aínda que teño medo de non convencer a 185
miña señora, pero así agradecerei a xenerosidade do
teu esforzo. Porén, transfórmase en besta e mira os
escravos coma unha leoa que acaba de parir sempre
que algún se lle achega e se dispón a falarlle. E non 190
errarías se dixeses que os mortais doutroa foron torpes

17 Medea introduce unha referencia a outro dos antecedentes do conflito trágico coa que pretende demostrar o grao de compromiso e lealdade que mantén cos pactos selados con Xasón: segundo o relato do mito, na súa fuxida da Cólquide, Medea foi quen de matar o seu propio irmán Apsirto e de despevalo para ir tirando os seus anacos ao mar e así distraer o seu perseguidor, o seu pai Eetes, que ía recollendo os membros do seu fillo asasinado.

e ignorantes, xa que inventaron himnos para as celebracións, os banquetes e os xantares, que dan pracer na vida ao oílos, mais ninguén inventou un xeito de acalmar as odiosas dores dos mortais coa música e os cantos de varias cordas. De aí as mortes e as aterrecedoras malandanzas que acaban coas casas. Porén, sería bo que os humanos sandasen isto con cantos. Mais, para que dar voces en van con tan ben servidos banquetes? Nese momento, a fartura do xantar xa achega por si mesma pracer aos mortais.

CORO:

Epodo

Oín o alarido infausto dos seus saloucos, lanza berros agudos e penosamente afixidos contra o seu pérfido home, traidor ao seu leito. Ela invoca, polas inxustizas sufridas, a Temis, filla de Zeus e gardiá dos xuramentos, que a fixo chegar á outra punta da Hélade polo mar nocturno ata a chave do Ponto infindo¹⁸.

(Entra Medea na escena.)

MEDEA: Mulleres corintias, saio da miña casa para que non me reprendades, pois sei de moitos mortais que son arrogantes por natureza: a uns vinos cos meus propios ollos e os outros existen alén destas portas. Mais, por teren un paso parsimonioso colleron unha errada sona de indiferentes. E non hai xustiza nos ollos dos mortais, que antes de chegar a coñecer ben a alma dun home,

18 Este “mar nocturno” podería identificarse co mar Negro, e a “salina chave do Ponto”, co estreito do Bósforo.

o odian só con velo, sen que os aldraxase en absoluto. Cómpre que o estranxeiro se integre ben na cidade. E non eloxio o cidadán petulante por natureza que resulta aborrecíbel para os seus concidadáns pola súa impericia. 225

No que a min atinxe, este asunto inesperado que me sobreveu destruíume a alma. Estou perdida e, ao non ter ledicia por vivir, quero morrer, amigas. Pois quen o era todo para min, o meu esposo, ben o sei, pasou a ser o máis malvado dos homes. De todos os seres que teñen 230

alento e entendemento, as mulleres somos as criaturas máis desgraciadas. En primeiro lugar, cómprenos mercar un esposo cun desmesurado gasto de cartos¹⁹ e, así, ter un dono do noso corpo —e este é un mal aínda máis doloroso—. A loita suprema consiste en conseguilo 235

bo ou malo. As separacións non reportan boa sonda ás mulleres e non lles é posíbel repudiar o home. Cando unha chega a novos costumes e novas leis, ten que adiviñar, sen aprendelo na casa, cal será o mellor xeito de 240

tratar o seu compañeiro de leito. E se rende ben o noso empeño nisto e o home vive connosco sen poñernos o xugo á forza, a nosa vida é envexábel. Mais, se non é así, o mellor é morrer. Pola contra, un home, cando se enche de convivir cos seus, sae e alivia o fastío do seu 245

corazón ou ben indo á casa dun amigo ou ben á dun compañeiro do seu tempo. Mais a nós só se nos permite contemplar un único ser. E din que nós levamos unha vida sen perigo nas nosas casas cando eles pelexan coa 250

lanza, mais razoan sen tino, que eu preferiría tres veces permanecer ao carón do escudo antes que parir unha soa vez. E o mesmo discurso non vale para ti e para min: ti tes aquí a túa cidade, a casa do teu pai, a como-

19 Medea alude ao dote que as mulleres debían achegar ao matrimonio, o que podía supoñer un gran sacrificio económico para a familia da futura esposa.

didade da túa vida e a compañía dos teus amigos. Pero 255
 eu estou soa e sen cidade, e véxome aldraxada polo meu
 home, collida como botín dunha terra bárbara, sen nai,
 nin irmán, nin parente ao que ir ancorar arredándome
 da miña desventura. E todo canto quero conseguir de
 ti é que, se eu descubro algún vieiro ou algún medio 260
 para que o meu home sufrira o xusto castigo por estes
 males –e tamén quen lle deu a filla que con el casou–
 gardes silencio. Pois unha muller adoita ter moito medo
 e amosarse covarde para contemplar a loita e o ferro. 265
 Mais cando topa co agravio no seu leito, non existe
 outra mente máis asasina.

CORIFEO: Así o farei, pois é lexítimo que te vingues do teu
 esposo, Medea. E non me estraña que te doias das túas
 malandanzas. Mais xa vexo a Creonte, soberano desta
 terra, que se achega como mensaxeiro de novas decisións. 270

(Entra na escena Creonte, rei de Corinto.)

CREONTE: A ti, a encoraxada e alporizada contra o teu
 home, Medea, ordeno que saias desterrada deste país,
 levando contigo os teus dous fillos e sen demora nin-
 gunha. Xa que son o árbitro deste mandato, non volverei 275
 rei ao palacio antes de botarte das fronteiras desta terra.

MEDEA: Ai, ai! Estou totalmente destruída! Coitada de
 min! Os meus inimigos izan completamente as velas e
 non hai desembarque doado da miña perdición²⁰. Con 280

20 O texto de Eurípides está repleto de metáforas relacionadas co mar e coa navegación. No verso 258, Medea aseguraba non ter ningún familiar nin amigo no que botar unha áncora para escapar da súa soidade e, nesta ocasión, emprega un curioso símil: malia arrastrar unha difícil situación a bordo dunha nave chea de penurias, non lle é posíbel desembarcar dela.

todo, malia estar eu padecendo tantos males, pregunta-
reiche: por que me expulsas desta terra, Creonte?

CREONTE: Teño medo –e non hai por que ocultalo con
ningunha escusa– de que lle causes á miña filla un dano
irremediábel. E xúntanse moitos motivos para isto. Es 285
sabia por natureza e coñecedora de moitos meigallos,
e mais estás agoniada por verte privada do leito do teu
home. E oio que ameazas, polo que me contan, con facer
algo contra o que entregou a muller en matrimonio, o
que casou con ela e a que foi casada. Así que, antes de
que tal cousa ocorra, estarei en garda. Éme mellor atraer 290
agora o teu odio, muller, que logo laiarme por ser frouxo.

MEDEA: Ai, ai! Non é agora a primeira vez, Creonte, senón
que xa moitas veces a miña sonda me prexudicou e me
causou grandes males. Cómpre que nunca un home asi-
sado por natureza eduque os seus fillos cunha sabedoría 295
extraordinaria, xa que, ademais de apoñénlle que son
uns preguiceiros, procuran a envexa hostil dos seus con-
cidadáns. Pois, se amosas novos saberes aos ignorantes,
parecerás inútil por natureza no canto de sabio. Mais, se 300
te consideran superior aos que parecen saber algo com-
plicado, resultarás incómodo para a cidade. Eu mesma
teño parte nesta fortuna. Pois, sendo sabia, para uns son
aborrecíbel; para outros, indolente; para outros, xusto o
contrario, e para outros, á súa vez, molesta. Mais tam- 305
pouco son demasiado sabia. E ti, pola túa parte, tesme
medo. De que che faga algo malo? Non teño a inten-
ción –non me temas, Creonte– de faltarlles a homes de
avoengo real. Pois ti en que me ofendiches? Entregaches
a túa filla a quen te conduciu o teu ánimo. Eu odio o 310
meu home, mais coido que ti fixeches isto con xuízo.
E agora non envexo que che vaian ben as cousas. Que

casen e que teñades sorte. Mais deixádeme vivir nesta terra. Malia padecermos esta inxustiza, calaremos, pois fomos vencidos polos que teñen máis poder. 315

CREONTE: Soa ben o que dis, mais teño o temor de que estas planeando algo malo na túa mente, e agora confío en ti aínda menos ca antes. Pois é máis doado coidarse dunha muller alporizada, coma dun home, ca dun sabio silencioso. Así que marcha o antes posíbel e non digas ren, que xa o teño decidido e non tes xeito de permanecer entre nós ao ser unha inimiga para min. 320

MEDEA: Non! Polos teus xeonllos e pola moza que acaba de ser casada!

CREONTE: Gastas as palabras en balde, nunca me convencerás. 325

MEDEA: E vasmе botar sen ter en conta as miñas súplicas?

CREONTE: Non te quero a ti máis ca a miña casa.

MEDEA: Ai, patria! Agora é cando me lembro ben de ti!

CREONTE: Sen contar os meus fillos, tamén é o máis querido para min.

MEDEA: Ai, ai! Que gran mal son os amores para os mortais! 330

CREONTE: Mais coido que iso depende de como sexa a túa sorte.

MEDEA: Zeus, que non che pase inadvertido o responsábel destes males!